

INSTRUCCIÓN CONXUNTA DAS VICERREITORÍAS DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE E DA VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA PARA ESPECIFICAR CRITERIOS DA XESTIÓN ECONÓMICA ADMINISTRATIVA DAS ACCIÓNS DO CONVENIO DE I+D+i 2018.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña (UDC) acordaron elaborar un convenio que foi asinado o 31 de maio de 2018 para o desenvolvemento de novas accións estratéxicas del+D+i, que se concreta en tres grandes actuacións que serán xestionadas dende a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (Actuación 1- Campus Industrial de Ferrol), a Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (Actuación 2, Campus de Especialización e Actuación 3, Investimento material e inmaterial), e a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia (a cal coordina, xunto coa Vicerreitoría de Economía e Infraestruturas, dúas accións na Actuación 3).

Dentro da acción 2 existe unha acción denominada “*Lanzamento dos Campus de Especialización*”, correspondente coa acción 2.1; “*Promoción e difusión*”, correspondente á acción 2.3 e “*Investigación e Transferencia*”, correspondente á acción 2.4. A través destas accións preténdese lanzar o Campus Innova, crear e promocionar a imaxe corporativa dos Campus de especialización cara ó exterior e mellorar a capacidade de investigación e transferencia. Dado que estas accións se van a desenvolver neste centro de investigación faise aconsellable que a xestión económica destas actuacións poidan facerse no propio centro.

Por esta razón, propónse facer unha encomenda de servizos coa Sociedade Xestora CITIC S.L., medio propio da UDC, a cal está instalada no CITIC, para a xestión das actuacións vinculadas co Campus de especialización incluídas nas accións 2.1 (*Lanzamento dos Campus de Especialización (Campus Innova)*), 2.3 (*Promoción e difusión*) e 2.4 (*Investigación e transferencia*) as cales están financiadas con cargo ao convenio de I+D+i-. A continuación, detállanse estas actuacións:

2.1 Lanzamento dos Campus de Especialización

Lanzamento do Campus Innova. No convenio indica que as accións previstas son “*desenvolvemento da imaxe corporativa, landingpage do evento, merchandising, material promocional do evento, secretaria técnica, mobiliario multifunción*”. Polo tanto, as accións incluídas neste apartado serían:

- Lanzamento do Campus Innova.

Inclúe material promocional do evento (carteles, trípticos, etc.), acondicionamento do escenario (sinalética, mobiliario, decoración, etc.), secretaría técnica e apoio audiovisual, técnicos de sonido e imaxe, catering e actuación ludico-social, vídeo promocional (edición, maquetación, montaxe e posproducción), deseño dunha acción promocional anterior e posterior ó evento e outros gastos asociados ao desenvolvemento do evento.


A estimación do gasto ascende a **28.000€**

2.3 Promoción e difusión

Tal e como indica o convenio “*vaise centrar en actuacións centradas especificamente na promoción e difusión do Campus Innova e Campus Sustentabilidade*”. Por tanto, as accións irían dirixidas:

- Deseño de materiais promocionais (videos entrevista, píldoras, banners, carteis, mensaxes, pezas,) a través de canais dixitais (web, redes sociais, publicidade dixital, publicity, periódicos dixitais) para dar a coñecer os Campus de especialización
- Organización de eventos (speed dating, dinámicas de traballo en grupo, etc) para xerar networking e ideas de proxectos a someter en convocatorias no H2020
- Promoción e difusión da nova oferta académica

Código Seguro De Verificación	Vn3xfK++ZLuhqPRHThGgUw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia Salvador Naya Fernández	Asinado	23/10/2018 16:59:51
	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	23/10/2018 14:18:49
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Vn3xfK++ZLuhqPRHThGgUw==		



A estimación do gasto ascende a **20.000€**

2.4 Investigación e transferencia

Tal e como indica o convenio “A estratexia de potenciar a comercialización e a transferencia de resultados de investigación ao tecido empresarial e a sociedade en xeral e de posicionar a oferta académica no exterior”. Inclúe gastos de equipamento menor para a posta en marcha da nova oferta académica e os gastos asociados a organización de xornadas, seminarios, workshops, etc.

A estimación do gasto ascende a **12.000€**.

Tarifas de Aplicación

Para o financiamento das Tarefas indicadas na encomenda, a S.X.CITIC repercutirá un 5% base impoñible dos importes cobrados pola actividade realizada para o servizo de xestión delegada económico administrativa

Para calquera outro servizo de apoio demandado pola dirección das actividades deberá ser orzado pola S.X.CITIC e aprobado explicitamente pola dirección.

Duración

A presente encomenda entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de Xaneiro de 2018 e terá a vixencia ata o 30 de novembro de 2018.

Polo tanto, a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, en coordinación coa Vicerreitoría de Economía, infraestruturas e Sustentabilidade encargarán á Sociedade Xestora CITIC S.L., medio propio da Universidade da Coruña, ao amparo do artigo 32 da Lei de Contratación do Sector Público a xestión económica das actuacións a desenvolver mencionadas nesta instrución. En concreto, trátanse das accións que se explicaron en detalle anteriormente, por un importe de 60.000 €.

Formularase un documento contable ADO para poder realizar a transferencia á Sociedade Xestora conforme á cláusula cuarta da Resolución Reitoral do encargo ou encomenda de xestión.

A Coruña, 22 de outubro de 2018

Domingo Calvo Dopico

Salvador Naya Fernández

Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade e Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

Código Seguro De Verificación	Vn3xfK++ZLuhqpRHTgGgUw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia Salvador Naya Fernández	Asinado	23/10/2018 16:59:51
	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	23/10/2018 14:18:49
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Vn3xfK++ZLuhqpRHTgGgUw==		

